

Documentación complementaria solicitude axuda ao fomento do galego

1. Contorna sociolingüístico do centro

A análise sociolingüística realizada no centro con respecto ao noso contexto xeográfico e cultural está baseada na observación e no tratamento da información que se desprende do coñecemento das familias dos alumnos xa que se trata dun centro pequeno, e é sinxelo corroborar os datos por observación en contextos espontáneos como son as entradas e saídas ás aulas e as actividades nas que participa toda a Comunidade Educativa.

Esta situación é equiparable á dos outros centros da cidade: contorno castelán falante. Prevalece o alumnado castelán falante cunha competencia comunicativa activa baixa en lingua galega. As familias coñecen e empregan o galego dun xeito parcial, pero non na relación habitual cos seus fillos.

O centro está formado por seis unidades de Educación Infantil, doce de Educación Primaria, oito de Educación Secundaria e tres de Bacharelato. A maioría destes alumnos exprésanse en castelán a cotío entre eles e tan so unha pequena parte do alumnado emprega a lingua galega como lingua de relación cos seus compañeiros-as e profesores.

1.1. Situación do profesorado.

- Lingua habitual do profesorado: Ambas as dúas.
- Nivel de capacitación na actividade diaria: Total.
- Actitudes cara á utilización das dúas linguas sinaladas no decreto por parte do profesorado: Totalmente positivas. O emprego das dúas linguas non supón ningún tipo de conflito.

1.2. Situación do alumnado.

- Lingua utilizada habitualmente polo alumnado na súa vida cotiá: castelán.
- Lingua empregada habitualmente no seu ámbito familiar: castelán.
- Lingua empregada no ámbito escolar: castelán, agás naquelas materias de obrigado cumprimento do decreto de plurilingüismo.
- A competencia comunicativa en castelán e galego que traen de ciclos e etapas anteriores é boa.

1.3.Situación lingüística do centro.

- A presenza da lingua galega na documentación administrativa, notas informativas dos taboleiros é total. Na administración emprégase a lingua galega en comunicados, anuncios, actas de reunións, certificados...etc
- O emprego da lingua galega nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións é parcial.
- A lingua de relación do profesorado e persoal non docente é o castelán, aínda que nos últimos anos a lingua galega ten unha porcentaxe cada vez máis significativa.

2º. Descrición dos obxectivos adecuados a cada un dos catro puntos anteriores.

O ensino do galego e do castelán debe ter unha presenza adecuada no estudo de xeito que independentemente da lingua familiar empregada ao iniciar a ensinanza, sexa quen de utilizar dun xeito correcto as dúas linguas.

É necesario que o alumnado adquira competencias lingüísticas en lingua galega, potenciándose a lectoescritura nas dúas linguas mediante unha serie de actividades axeitadas á etapa na que se atopan. Isto implica a organización por parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega de programas e actividades en galego que teñan como finalidade o fomento do uso da lingua entre os compoñentes do alumnado e da comunidade educativa.

O obxectivo principal do equipo de Dinamización da Lingua Galega é potenciar o uso do galego no centro educativo. Levará a cabo unha avaliación formativa durante todo o proceso, tanto das actividades programadas como da súa propia actuación, co obxectivo de mellorar na medida do posible o seu funcionamento e realizar os cambios pertinentes cando se considere necesario.

Esta é a descrición dos obxectivos específicos baseada no estudo sociolingüístico do centro:

Contorna sociolingüística do centro

- Dar visibilidade aos proxectos e actividades do centro e doutras entidades para que a cidadanía saiba do noso compromiso coa lingua galega, por medio da prensa, web, redes sociais e revista.
- Publicación en formato A5 con todo o material desenvolvido durante este ano
- Difusión na web e redes sociais das actividades realizadas no centro, relacionadas directa ou indirectamente coa lingua galega.

Situación do profesorado

- Fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito coa participación en actividades e proxectos nos que o uso do galego é fundamental.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en diversos soportes.
- Publicación de traballos realizados en cooperación con EDLGs doutros centros.

Situación do alumnado

- Asegurar que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.
- Fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito coa participación en actividades, concursos e proxectos nos que o uso do galego é fundamental.
- Participación en concursos do EDLG e doutras entidades.
- Outros proxectos doutros departamentos, nos que tamén se utiliza o galego.
- Eliminar prexuízos e comprender que o galego é unha lingua importante no seu futuro laboral.

Situación lingüística do centro

- Esixir o cumprimento da lexislación sobre o uso da lingua galega no sistema escolar, adaptada ás súas especificidades e orientada a acadar unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- Información e orientación aos docentes que o soliciten..
- Coidar de maneira especial o uso da lingua nas plataformas educativas, actualizándoas e someténdolas a continuas revisións.
- Información sobre a normativa vixente.
- Información sobre os obxectivos e as actividades do EDLG en RRSS
- Colaboración estreita cos demais departamentos do centro.

3º. Descrición detallada das actividades de dinamización lingüística para cada un dos obxectivos propostos

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega leva varios anos de traxectoria realizando múltiples actividades ao longo de todo o curso. Algunhas delas repítense anualmente con éxito.

Na primeira reunión deste ano propuxemos darlle continuidade, neste curso escolar, a aquelas actividades que contan cunha traxectoria e aceptación por parte do alumnado e que a continuación se describen con detalle e para as que se vai solicitar financiamento á Consellaría de Educación.

- Actividades de continuidade para o fomento da Lingua galega.

- Nacemento vivinte: durante o mes do nadal todo o alumnado de infantil e primaria prepara o belén vivinte que ten lugar na igrexa do colexio na última semana das clases. As ofrendas ao neno Xesús (cancións, poesías, panxoliñas) trabállanse en lingua galega.

- Festa do Entroido:

A partires dun doce típico desta época, o alumnado explicará a receita e faranse tamén pósters e murais.

- Maratón de lectura “ Día de Rosalía de Castro”.

O 23 de febreiro, para celebrar o día do nacemento de Rosalía de Castro levarase a cabo durante toda a xornada escolar un maratón de lectura da súa obra. Neste acto intervirá toda a comunidade educativa e se convidará tamén a outras entidades coas que colabora o centro a participar.

- **Innovación metodolóxica.**

- Proxecto de Comprensión 1º E. Primaria “A Cidade Vella mola”.

Este proxecto de comprensión terá como obxectivos, entre outros, que o alumnado recoñeza a súa contorna e empregue para describila a lingua galega.

- Proxecto de Comprensión 3º E. Primaria “Debuxando palabras”.

A través dos textos descriptivos o alumnado achégase a arte empregando as palabras.

- Proxecto de Comprensión 4º E. Primaria “A lúa de Bea é nosa”.

Neste proxecto de comprensión o alumnado afondará nos textos líricos expresando as súas emocións a través da poesía.

- Proxecto de Comprensión 5º E. Primaria “A Lingua das marabillas”.

O alumnado desenvolverá un proxecto de comprensión que terá como obxectivos, entre outros, a importancia e riqueza da lingua galega e a necesidade de manter viva a nosa lingua como vehículo de expresión artística e cultural.

- Proxecto de Comprensión 6º E. Primaria “Rima comigo”.

O alumnado desenvolverá un proxecto de comprensión que achegará ao alumnado á poesía promovendo ademais a lingua galega como ferramenta de expresión de sentimentos e emocións.

- Obradoiro : “ComunicArte” 2º ESO.

Creación e utilización da linguaxe poética como forma de autoexpresión. A poesía como forma de comunicación.

- Xornal escolar/Enriquecemento

Actividade aberta para alumnado de primaria e secundaria, tamén poderá participar o resto da comunidade educativa. Preténdese estimular a creación literaria e a capacidade de redacción e expresión a través de novas de diversa índole utilizando o galego.

- Durante todo o curso.

- Telenoticieiro histórico:

Actividade para o alumnado de primaria e secundaria tratando de acadar o desenvolvemento de capacidades investigativas, edición de videos, capacidade de expresión oral, a través da grabación e edición de novas periodísticas históricas simulando ser xornalistas contemporáneos aos acontecementos escollidos e tendo como obxectivo transversal o de proxectar a valía do galego e da tradición e cultura galegas.

- **Concursos e certames**

Temos prevista a convocatoria de certames que tiveron éxito en anos anteriores e incorporar outros novos nos que ademais do alumnado, tamén poderá participar o resto da comunidade educativa. Pretenden estimular a creación literaria e audiovisual utilizando o galego.

- II Concurso Palabras de Amor e Amizade: créase un concurso no que o alumnado crea unha carta o pictograma dedicado a un ser querido (familiar, amig@ ou namorado).

- IV Certame de relato curto “Álvaro García Torreiro”.

Nova edición deste certame no que o alumnado de 3º de E.Primaria a 1º de Bacharelato crea un relato empregando unha das tres linguas oficiais do centro.